Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades
Medidas de atención á diversidade
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Empréganse diversos recursos didácticos.
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
Outros
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens por parte do equipo que traballa con este grupo de alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000341	CEIP Plurilingüe A Pedra	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	5º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Marco legislativo.

A formación relixiosa e moral católica conta cunha longa tradición no sistema educativo español. Considerando a declaración universal dos dereitos humanos recoñecidos pola constitución española, esta programación tivo en conta os seguintes documentos legislativos e curriculares:

Tratados Internacionais recoñecidos por España: Declaración Universal de Dereitos Humanos, de 1948 (art. 26.3), que recoñece a liberdade relixiosa de persoas e pobos. Pacto Internacional de Dereitos Económicos Sociais e Culturais, de 1966 (art. 13.3), e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, de 2000 (art. 10 e 14.3), que recoñecen o dereito que asiste os pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións. Acordo internacional suscrito entre o Estado Español e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, do 3 de xaneiro de 1979.

Constitución española, do 6 de decembro de 1978 (art. 27.2 e 3). Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil.

Resolución do 21 de xuño de 2022 (BOE Núm. 150), da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publica o currículo da ensinanza de relixión católica correspondente a educación infantil. Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Contexto.

A proposta educativa desta materia favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o espertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos. Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

O colexio onde se imparte esta materia, O CEIP A Pedra, enmarcase na parroquia de San Martiño, concello de Bueu, bisbarra do Morrazo. Trátase dun municipio eminentemente pesqueiro; basta dicir que o 30% da poboación activa traballa nestas tarefas, acrecentándose a súa importancia polo gran número de empregos indirectos. Con unha poboación sobre 11.987 habitantes e un unha reta media bruta de 24.283 euros, ten unha taxa de desemprego rexistrada que ronda o 14,30 %.

O CEIP A Pedra é un centro público con domicilio na rúa A Pedra 26, concello de Bueu. Está adscrito ó instituto Johan Carballeira. Conta con 5 unidades de educación infantil e 12 unidades de educación primaria. Está dividido en dous edificios: O Valado, de educación infantil e A Pedra, de educación primaria. A maioría dos alumnos é castelanfalante. A lingua vehicular, na materia de relixión católica, será o castelán, aínda que nalgún momento se visualicen producións en galego ou se cante en galego, como apoio ao proxecto lingüístico. A maioría dos alumnos non son novos, agás os de cuarto curso, polo que coñecen as rutinas do colexio e ao profesor. A área de Relixión Católica impártese no ximnasio en sesións semanais de 50 minutos. O profesor que imparte a materia é Jesús M. Mouriño Rodríguez.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1		1		1	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.		1		1		1		1
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.					1	1	1	1
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.		1	1	1		1		1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.					1	1	1	1
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1				1	1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Desu nos agasalla coa vida e nos cuida sempre.	Nos gusta xogar. Desu creou o mundo e as persoas. Iguais e diferentes. Deus nos cuida. Nos queren e nos cuidan.	7	X		
2	Deus nos regala a Xesús.	Deus nos regala a Xesús. Xesús nace en Belén. Celebramos o nacemento de Xesús.	7	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Xesús nos ensina a compartir.	Aprendemos a compartir. Xesús da de comer a moitas persoas. Comparto cos demais.	5		X	
4	Celebramos a Semana Santa.	As vacacións de Semana Santa. Xesús chega a Xerusalén. As celebracións da Semana Santa.	5		X	
5	A festa do bautismo.	Un día de chuvia. O bautismo de Xesús. O bo uso da auga.	5			X
6	A festa do domingo.	Celebramos o cumpleaños cos amigos. A última cea de Xesús. A festa dos cristiáns.	6			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Desu nos agasalla coa vida e nos coida sempre.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo no coidado do seu corpo e nas actividades cotiás.	TI
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Escoita con atención relatos bíblicos.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desenvolve a súa capacidade artística.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.

Contidos

- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.
- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.
- Identidade cristiá e contorna social.
- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
2	Deus nos regala a Xesús.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Recoñece algunhas actitudes cristiás de relación coa familia e na escola.	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece en Xesús de Nazaret actitudes para a convivencia pacífica.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É capaz de contar algunha experiencia propia relacionada co Nadal.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co Nadal.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desenvolve a súa capacidade artística.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Identifica no relato do Nadal a Xesús de Nazaret.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Mostra alegría polo nacemento de Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Recoñece e respecta a celebración do nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
3	Xesús nos ensina a compartir.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Desenvolve hábitos de acollida e amabilidade usando as palabras "grazas" e "por favor".	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É capaz de escoitar e mostrar agradecemento nas súas relacións.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece sentimentos e actitudes de compaixón e perdón.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Comprende actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desenvolve a súa capacidade artística.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Identifica a Xesús como o centro no relato da multiplicación dos pans e os peixes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade cristiá e contorna social. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

UD	Título da UD	Duración
4	Celebramos a Semana Santa.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Mostra afecto polos seus compañeiros e a súa familia, e pide axuda cando a precisa.	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É capaz de escoitar e mostrar agradecemento nas súas relacións.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da paixón de Xesús.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación cultural, relixiosa ou artística relacionada co cristianismo.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desenvolve as súas capacidades artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de estar en silencio durante brebes reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A figura da Virxe María. - A oración de Xesús. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
5	A festa do bautismo.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Recoñece hábitos básicos de relación na familia e na escola.	TI
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflecten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É capaz de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desenvolve as súas capacidades artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Valoración das relacións sociais, en especial da amizade. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
6	A festa do domingo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Recoñece hábitos básicos de relación na familia e na escola.	TI
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Desenvolve hábitos de acollida e amabilidade utilizando as palabras "grazas" e "por favor".	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñece en Xesus de Nazaret actitudes para a convivencia pacífica.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Desenvolve a súa capacidade artística.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É capaz de estar en silencio durante breves reflexións guiadas.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunhas oracións, cancións e prácticas relixiosas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoos con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	É capaz de describir a eucaristía como a principal oración dos cristiáns.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Mostra alegría cando escoita a narración da última cea de Xesús.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	REcoñece e respecta a celebración da eucaristía.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía. - A vida cristiá en comunidade. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Teremos en conta a chamada Pedagogía de Deus. A «pedagogía de Deus» é a forma de proceder de Deus para coas criaturas. Este estilo educativo ten unhas características propias e irrenunciáveis: Deus toma a iniciativa, sempre se achega como unha oferta de amor para os nenos, servíndose da cultura propia para presentarse a si mesmo e transmitirille a súa mensaxe.

Deste xeito, a metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades e estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocional, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque orientado á acción e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo: realizaranse tarefas que promovan a colaboración e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto, usaremos situacións de aprendizaxe que recrean situacións significativas e cotiás da contorna persoal, familiar, social e cultural dos nenos e que se refiren ás súas necesidades e intereses. A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblia infantil.
Libros de apoio e de lectura.
Materiais diversos.
Imaxes de distintas producións artísticas.
Materiais para producións artísticas.
Xogos e outros elementos lúdicos.
Monicreques.
Materiais audiovisuais.
WEB relacionadas coa materia.

Libros de apoio e de lectura: «Nuestra casa. 4 años», SM; «Dios creó un mundo muy bonito», SM; «Jonás y el pez», SM; «La parábola de las dos casas», SM; e outros semellantes.

Materiais diversos: Láminas, revistas misioneras, libros de oracións, fotografías, cómics, postais, adhesivos, carteis, calendarios, debuxos, etc. Mapas conceptuais, símbolos relixiosos e fichas de diversas fontes.

As imaxes artísticas relacionadas co cristianismo son tomadas de diversas fontes: pintura, escultura, arquitectura, fotografía, etc.

Os materiais para producións artísticas: ceras de cores, lapis, témperas, papeis de cores, rotuladores, tesoiras, cola, etc.

Os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a exploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas: «El evangelio para peques», BDM Internacional; e outros semellantes.

WEB relacionadas coa materia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades. Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os personaxes bíblicos e diferentes elementos relixiosos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa, e levarase a cabo de xeito sistemático. Os criterios na Educación Infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer aos nenos e axudarlles no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe. Como en todas as áreas de Educación Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado. Reflictirase cos termos: Sen dificultade; En proceso; con dificultade.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación. A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algunha que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio obxectivo. Trátase de que todo alumno participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe; motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Ten como finalidade favorecer o desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos. Se rexe polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia.

O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno. Poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo-relacionais ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado. Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos. Fomentar a mellora do auto-concepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os alumnos nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión da lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a igualdade entre homes e mulleres.	X	X				X
ET.5 - Educación para a non violencia e a paz e resolución de conflitos.				X		X
ET.6 - Educación para a saúde e hábitos saudables.			X		X	
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente e o consumo responsable.	X	X				
ET.8 - Educación emocional en valores cristiáns e dereitos do humanos.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

En todas e cada unha das unidades didácticas, en beneficio dunha educación integral e sostible, traballaranse os elementos transversais, arriba indicados, como eixe que vertebra todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xornada do «Domund».	O alumnado deste nivel colaborará na xornada do «Domund».			
Campaña solidaria de «Cáritas».	O alumnado deste nivel colaborará na campaña solidaria no Nadal, da ONG «Cáritas».			
Día da non violencia e da paz.	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende o equipo de actividades complementarias para festexar o día 30 de xaneiro.			
Campaña contra a fame de «Mans Unidas».	O alumnado deste nivel participará na campaña contra a fame no mundo, da ONG «Mans Unidas».			
Día das letras galegas.	O alumnado deste nivel participará nas diversas actividades propostas, dende a biblioteca escolar, para a celebración do día das letras galegas.			
Exposicións nos corredores do colexio.	Montaxe e exposición dun pequeno «Belén», ou de outros traballos, nos corredores do colexio.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a igrexa de Bueu.	O alumnado deste nivel visitará a igrexa de Bueu, capela ou santuario da contorna.			
A nosa pequena creación.	Visitaremos a horta escolar alo menos tres veces durante o curso, unha cando as plantas están acabadas de plantar, outra cando empezan a medrar e outra cando xa son visibles os produtos cultivados.			

Observacións:

As actividades complementarias propostas serán experiencias de aprendizaxe emocional positivas, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.
Creo e comparto materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Vinculo o aprendizaxe ca vida real.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Fomento a auto-avaliación e a co-avaliación.
Realizo formación para mellorar como profesional.
Respecto os aspectos confidenciais da miña profesión.
Evito calquera discriminación cara o alumnado, familias e co equipo docente.

Descrición:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistematicamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos readaptar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento da clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de auto-avaliación docente unha lista de control de diferentes indicadores de logro. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumprimentar esta lista de control debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos en relación o indicador de logro exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Pouco; Ás veces; Frecuentemente; Sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso. Presentación dos contidos. Recursos e organización. Clima da aula. Seguimento e control de ensino-aprendizaxe. A diversidade.

Para cumprimentar esta auto-avaliación debemos marcar a cuadrícula na que nos atopamos, segundo os indicadores: Sempre; Case sempre; Case nunca; Nunca.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas para coordinar as clases.

9. Outros apartados